

**CONVENIO ENTRE FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E O
INSTITUTO CERVANTES PARA ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN “JOSÉ
SUÁREZ. UNS OLLOS VIVOS QUE PENSAN”**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formaliza **INSTITUTO CERVANTES** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura e terá unha duración ata o 1 de marzo de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os termos da colaboración do Instituto Cervantes e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para promover a itinerancia da exposición “José Suárez. Uns ollos vivos que pensan” en centros do Instituto Cervantes no exterior.

A exposición exhibirase nos centros do Instituto Cervantes sitos en París, Tokio e Nova Deli. A decisión final sobre as datas exactas da exhibición da exposición realizarase de mutuo acordo entre as partes durante a vixencia do presente convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

O obxecto da Fundación Cidade da Cultura de Galicia céntrase na creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúan un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural.

En virtude do mandamento fundacional, e conforme ao previsto nos artigos 6 e 7 dos seus Estatutos, a Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Neste sentido, a Fundación é promotora da exposición “José Suárez. Uns ollos vivos que pensan” na que se descubre ao fotógrafo artista galego, ao profesional dotado dunha forte visión humanista, ao innovador que decidiu incorporar á fotografía os movementos de vangarda europeos. A vinculación do autor a América Latina xorde durante o seu exilio, onde realiza unhas series fotográficas denominadas A Pampa. Terra de Lume, A Patagonia, Brasil, Neve na Cordilleira, que se exhiben no marco da retrospectiva do fotógrafo galego. A mostra está comisariada por dous nomes de referencia no estudo da fotografía galega como son Xosé Luís Suárez Canal e Manuel Sendón, autores da antoloxía de fotografías e obxectos persoais, e permitirá ao espectador comprender mellor a súa evolución creativa e situar a súa vida como un territorio onde atopar as claves para entender as imaxes.



Esta exposición xa foi exhibida no Museo Centro Gaiás de Santiago de Compostela, no Centro Cultural Borges de Bos Aires (Arxentina), no Centro Cultural de España en Montevideo e na sede central do Instituto Cervantes en Madrid, con gran éxito de público e crítica.

Pola súa banda, o Instituto Cervantes é un organismo público sen ánimo de lucro creado pola Lei 7/1991, do 21 de marzo, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, que, conforme ao disposto no artigo 3 da súa Lei de creación, ten como fins a promoción universal do ensino, o estudo e o uso do español e o fomento de cantas medidas e accións contribúan á difusión e mellora da calidade destas actividades.

O Instituto Cervantes e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia desexan que a exposición poida ser exposta ao público en centros do Instituto Cervantes no exterior, difundindo así o legado deste insigne artista.

De conformidade co previsto no artigo 50.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o presente convenio foi informado favorablemente o Servizo Xurídico do Instituto Cervantes e a súa firma foi autorizada polo Ministerio de Facenda e Función Pública, con data 2 de xuño de 2017.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)

